

ASÍ CHEGOU A NOITE

Ángel Santos, 2025

1732

ESTREA EN NUMAX: 29.04.2026 | V.O. | +12 | 120 min

Un escultor establece o seu taller nunha afastada zona rural da costa galega. Pouco a pouco irá illándose da súa contorna, cortando todo contacto con amizades e familiares. Cando un antigo amor acode ao seu encontro provocará a reflexión do escultor sobre o seu desexo de illamento e a necesidade dunha nova fuxida.

«Ángel Santos entrega un filme existencial, sen présas, que aboga polo silencio, a natureza e a arte de desaparecer en tempos hiperconectados»

Alfonso Rivera, CINEUROPA



Entrevista con Ángel Santos: «Cando tiñamos dúbidas pensabamos: que faría aquí Kiyoshi Kurosawa?»

Por José David Cáceres e Sergio Vargas

O título da película mola moito; en galego máis. Parece de cine negro. A idea do título chegou vendo unha peli muda (*Les Mystères du château du Dé*) de Man Ray, sería 2015; de súpeto hai un intertítulo: “Así chegou a noite”, unha elipse desas brutais do cine mudo, que enlaza con outra cousa, e hai algo de misterio, como de fantasía case. Resultoume moi evocador, e xa tiña un personaxe un pouco illado en busca de certa desconexión e a idea de “Así chegou a noite” casoume, funcionábame, pero hai algo máis poético, máis libre, que logo a película vai cara aí ou non. Non sabes exactamente cal é a literalidade ou a conexión, pero é certo que sempre sentín que funciona dentro da película. Ou do que eu estaba a escribir ou pensando.

Este arranque, estes vintetantos minutos, a nós vólvennos a levar a certas influencias. Rohmer e Antonioni están aí sempre, pero a Kaurismäki tamén o vemos claramente e eses silencios lembrábons a moitos comezos de moitos personaxes de Kitano. Kitano non estaba porque ademais hai moitísimo que non vexo unha peli súa, pero si que había algo oriental no ambiente, porque con Pablo García Canga [coguiónista do filme] falei xa dalgúns cineastas orientais no proceso e sobre todo na montaxe. Durante a rodaxe, por moitas circunstancias e por orzamento tamén, ás veces a película vaise configurando formalmente dun xeito que non é exactamente o que ti prevías. Porque tes menos tempo para rodar e tes que buscar solucións para algunha secuencia dun xeito máis lixeiro ou máis rápido... E é verdade que en montaxe si que o vimos claramente e os primeiros amigos cos que compartín a peli por unha banda ou por outra falaban de cine oriental. De que había certa cousa de Hamaguchi ou de cineastas similares. E é curioso, eu creo que temos aquí unha referencia escondida que vos vai a gustar. Pablo e máis eu falamos moito sempre cando estamos a escribir de como filmar cada cousa, porque tratamos de integrar como resolver a escena durante a escritura. E cando tiñamos dúbidas ou estabamos atrancados, sempre recorremos a Kiyoshi Kurosawa. que faría aquí Kiyoshi? Todas esas películas con eses misterios medio definidos e esta tensión que teñen... Obviamente está moi lonxe da miña teima “rohmeriá” pero había momentos en que era así. E o director de foto de *Las altas presiones* viu a película e preguntoume: «Oe, e estes ángulos que utilizas de súpeto desde arriba?»...

De feito, iso non o fas nas outras... Viña de aí tamén, que facilidade ten para buscar ángulos que suxiran cousas e que non sexa o punto de vista que esperas. Tamén Hong segue sendo unha referencia brutal. Todo o seu cine, pero non tanto as novas, que son moi extremas, senón as súas primeiras pelis, que teñen un toque un pouco máis *indie* e, ás veces, atopa solucións en ángulos bastante inesperados. Nese sentido había algo de querer remarcar esta idea de narración. Unha película moi narrativa que propoña un xogo non realista, que teña que ver con certo misterio. E Kiyoshi víñanos á mente. E Kaurismäki, aínda que tampouco é unha referencia do día a día, é certo que volvemos tamén a el pensando en xente que che interesa pola súa economía de encadre e de narración, que cun determinado encadre está a contar moitas cousas e unha simplicidade que vén dun cine tradicional que parece que en boa medida xa non se leva e a verdade é que eu estou conectado con iso máis que con moitas cousas da modernidade.